SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

MEDIDAS DE CAPACIDADE

Os centros que participaron ou participan no programa "Recíclate con Sogama" contan con illas de reciclaxe dotadas por Sogama. A "illa de reciclaxe" está formada por tres colectores de 120 litros de capacidade cada un (amarelo, azul e verde).

- Sabes calcular esa capacidade nestas outras unidades de medida?

kl	hl	dal	l
dl	cl	ml	

Na escola de Vilaverde tamén teñen un composteiro.
Ten unha capacidade de 360 litros.

- Se temos un caldeiro que leva 36 decilitros, cantas viaxes teríamos que facer para encher o composteiro de auga?
  En todo caso, lembra que o composteiro non o enchemos de auga...
- Recordas o que pode ir e o que non pode ir no composteiro?

Esta billa bota 10 litros cada minuto. Para aforrar auga, Mauro só a abre durante medio minuto cada vez que lava os dentes.
Logo do cepillado, ese tempo resúltalle suficiente para obter toda a auga que necesita.

- Indica a continuación os litros que gastou en cada unha das unidades correspondentes.

kl	hl	dal	l	dl	cl	ml

- Ordena de maior a menor segundo a capacidade que indica cada produto.
- E por certo, sabes onde debes depositalos cando se convertan en residuo?

3 dl

330 ml

1,5 l

70 ml

2,2 hl

- Con que unidade de capacidade relacionarías cada un destes obxectos?
- Saberías dicir onde hai que depositar cada un dos obxectos no momento en que se convirtan nun residuo?

kl	hl	dal	l	dl	cl	ml

Simón e o pai de Olaia foron mercar leite.
Simón trouxo 17 botellas de vidro de 1,5 litros.
Lino trouxo 34 bricks de 750 mililitros.

- Quen trouxo máis leite?
- A que colector teñen que levalos cando sexan un residuo?

SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

A miúdo o burato dos fregadoiros era o lugar por onde a xente se desfacía dos restos de aceite doméstico. Unha práctica tan común como pouco desexable! Provoca atascos no desaugadoiro, aumenta os custos das depuradoras para eliminar o residuo e contamina milleiros de litros de auga de ríos e mares.

Un litro de aceite pode contaminar ata mil litros de auga, completa esta táboa:

- *Completa esta táboa:*

- *3,7 litros de aceite contaminarían ____ decilitros de auga*
- *2,1 litros de aceite contaminarían ____ litros de auga*
- *1,6 litros de aceite contaminarían ____ decalitros de auga*

Para evitar este problema en moitas vilas e cidades hai colectores específicos para recoller o aceite. Tamén programas especiais para bares e restaurantes.

- *Sabes se onde vives hai algún sistema de recollida de aceite doméstico?*

Ademais do aceite doméstico que se vai polos sumidoiros, outro problema grave téñeno os aceites industriais.
Un dos máis contaminantes é o aceite usado dos motores. Por exemplo, cada 15 ou 20 mil quilómetros acostuma a cambiarse o aceite dun coche. E só 2 litros deste aceite usado poden contaminar 200.000 litros de auga.
Fíxate ben: esa é a auga que aproximadamente contén unha piscina olímpica!

Os aceites usados, domésticos e industriais, poden reciclarse para facer xabróns, deterxentes e biodiesel.



**Sabes que é o Biodiésel?*

É un combustible que pode obterse a partir de aceites usados, moi similar ao gasóleo (o gasóleo obtense do petróleo), e que pode usarse en motores diésel. Na rede podes ampliar información.

- *Marca cales das seguintes afirmacións son correctas:*

- [ ] *O biodiésel prodúcese a partir de materias primas renovables*
- [ ] *Non contén practicamente azufre (polo que evita as emisións que causan o efecto invernadoiro)*
- [ ] *Mellora a combustión, polo que os vehículos emiten fume con menos tisne, o que evita a cor negra e o olor desagradable*
- [ ] *Non contén nin benceno nin outras sustancias aromáticas cancerígenas*
- [ ] *É facilmente biodegradable, polo que en caso de accidente e derrame non pon en perigo o solo e as augas subterráneas*
- [ ] *Todas as anteriores son correctas*